

PEZA DO MES

xaneiro

2003



TABULA DE CASTROMAO

DOCUMENTO DE EXTRAORDINARIA IMPORTANCIA PARA O ESTU-
DIO DA ORGANIZACIÓN SOCIAL E DO PROCESO DE ROMANIZA-
CIÓN DO NW PENINSULAR, QUE DE FORMA INEXACTA VÉNSE
DENOMINANDO *TESSERA* DE HOSPITALIDADE, CANDO TANTO
POLA FORMA COMO POLA FUNCIÓN, RESPONDE A UNHA
TABULA DE HOSPITALIDADE.





TABULA DE CASTROMAO

Esta peza foi descuberta con motivo das escavacións que en 1970 realizaron, o entón director do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, D. Xesús Ferro Couselo e D. Xaquín Lorenzo Fernández. Os traballos, que se centraron na zona norte da plataforma protexida pola muralla, exhumaron un complexo e interesante conxunto habitacional. Xunto á estancia na que apareceu a *tabula*, rectangular, con dous ventanos, un na parede norte e outro na sur a nivel do pavimento, destaca unha particular construción circular, sobre a que se edificou outra rectangular con vestíbulo, na que se atopou un tesouríño formado por 63 denarios e un aureo de Claudio. Con motivo da limpeza e consolidación destas estruturas realizada en 1993, baixo a dirección de D. Luis Orero Grandal, apareceu formando parte da cimentación do cuarto contiguo ó da *tabula* unha escultura zoomorfa, tipo simio, completamente afastada do coñecido ata o momento da plástica castrexa.

A *tabula* é unha placa rectangular de bronce, con marco moldurado, e cun apéndice a

modo de lingüeta na parte superior, na que se recolle un pacto de hospitalidade entre os coelernos e un prefecto da primeira Cohorte dos Celtíberos, cun texto epigráfico no que se pode ler:

G(neo) IVLIO. SERVIO. AUGURINO. G(eneo) TREBIO.

SERGIANO. CO(n)S(ulibus).
COELERNI. EX-HISPANIA. CITERIORE.
CONVENTUS. BRACARI. CVM. G(neo). AN
TONIO. AQUILO. NOVAUGUSTANO
PRAEF(ecto). COH(ortis). I. CELTIBERORUM.
LIBERIS. POSTERISQUE. EIVS. HOS
PITIUM. FECERUNT.
G(neus). ANTONIVS. AQVILVS. CUM. COELER
NIS. LIBERIS. POSTERISQUE. EORUM.
HOSPITIUM. FECIT.
LEGATUS. EGIT
P(ublius). CAMPANIVS. GEMINVS.

Sendo cónsules Gneo Julio Augurino e Gneo Trebio Sergiano, os "Coelerni" da Hispania Citerior e do convento de Braga, fixeron un pacto de hospitalidade con Gneo Antonio Aquilino Novaugustano, prefecto da primeira

Cohorte dos Celtíberos cos seus fillos e descendentes. Gneo Antonio Aquilo fixo pacto de hospitalidade cos "Coelerni", cos seus fillos e descendentes. Actuou como legado Publio Campanio Gémino.

É preciso sinalar que *tessera* e *tabula* de hospitalidade son expresións que fan referencia realidades diferentes, en canto á súa forma e función, aínda que a miúdo se usan de forma confusa, como vén ocorrendo coa *tabula* de Castromao, coñecida tanto a nivel divulgativo como en publicacións científicas como *tessera*. Morfoloxicamente, as *tesserae* son de pequeno tamaño e formas variadas: xabaril, peixe, golfinho, mans entrelazadas, etc; mentres que as *tabulae*, de formas laminar, rectangular as veces rematada en frontón triangular como a do Courel ou as de Vila Nova de Gaia, son de maior tamaño e peso. No que respecta á súa función, as *tesserae* teñen o cometido de identificar ás partes que interveñen no pacto, a modo de documento de identidade, de aí o seu carácter portátil, facilmente transportable, fronte á *tabula* que serve para dar fé pública da relación que se establece, e como tal custodiada nun edificio público da comunidade, nun lugar visible para todo os membros. No caso concreto da peza de Castromao este carácter de *tabula* está aínda máis acentuado se cabe, polo feito de que, como ben observou Eduardo-Breogán Nieto Nuñez, a asa de bronce aparecida na estancia da *tabula* pertence a esta, como poñen de manifesto os restos de soldadura que se poden ver no seu reverso, unha vez sometida a un proceso de limpeza e consolidación, ó que facilita que poida ser colgada e exposta facilmente.

Todo este tipo de documentos, ben sexan de hospitalidade ou de padroado, están redactados polo xeral da mesma forma: Data polo consulado, nome do primeiro suxiato, tipo de pacto e segundo suxiato, concluíndo coa fórmula final na que se indica o delegado que interveñen no pacto.

Sábese que este pacto tivo lugar no ano 132 d. C. porque este ano corresponde ós cónsules que aparecen nel: Gneo Julio Serio Augurino e Gneo Trebio Sergiano, posto que en Roma os anos se databan co nome dos cónsules que eran elixidos cada ano. Este texto serviu para fixar o nome dun dos cónsules como Julio e non como Junio, como se viña facendo ata o momento. Outra forma para contar os anos era

" ab urbe condita" é dicir, desde a fundación da cidade, que segundo a tradición foi no ano 753 a. C., de tal forma que esta inscrición correspondería ó ano 885 a.u. c.

Dos Coelernos, unha das partes do pacto, tíñanse noticias polas fontes literarias, sobre todo Plinio e Ptolomeo, e por aparecer entre as dez *civitates* do convento de Braga, no denominado Padrao dos Povos de Chaves, columna inscrita na que estes pobos renden homenaxe a Vespasiano. A *tabula* permite situar a súa capital *Coeliobriga* no recinto castrexo de Castromao.

O pacto que se establece é un *hospitium*, acordo de amizade entre os coelerni e un individuo, *G. Antonius Aquilus*. A práctica do *hospitium* está ben testemuñada no mundo antigo, tanto en Grecia como en Roma, ó mesmo entre comunidades, como éstas con particulares, e particulares entre sí, por medio da que un cidadano romano e un estranxeiro, comprometíanse a representarse nas súas respectivas comunidades. Chama a atención na *tabula* de Castromao que en datas tan tardías como o ano 132 d. C. se siga mantendo a figura do *hospitium* en lugar do *patronatus*, máis usual nestes momentos, por medio do que o acordo non se realiza entre partes iguais, senón que unha das partes, a de maior importancia, e nomeada patroa da comunidade, o que implica un sometemento, a cambio de que os represente ante o poder romano.

No que respecta á outra parte do pacto, *Gneo Antonius Aquilus Novaugustanus*, prefecto da primeira Cohorte dos Celtíberos, pénsase que pudiera ser fillo de Lucio Antonio Aquilo, que aparece nunha inscrición de Barbadillo del Pez (Burgos), o que permitiría situar o municipio de Nova Augusta, coñecido tanto polos testemuños epigráficos como polas fontes literarias, nunha área, con centro urbano estaría na actual localidade burgalesa de Lara de los Infantes. Da Cohorte I dos Celtíberos sabemos que a finais do s. I d C. estivo no norte de Africa (Mauritania), instalándose anos máis tarde, a principios do s. II, no campamento romano da Cidadela (A Coruña), onde permanece ata o IV, en que pasa a *Iuliobriga* en Reinosa-Santander.

Como notario para autenticar o pacto actuou un representante do poder político-administrativo, o legado *Publius Campanius Geminus*.

HISTORIA DO MUSEO

No ano 1895, a Comisión Provincial de Monumentos Históricos e Artísticos de Ourense decidiu crear un Museo Arqueolóxico Provincial no que se puidesen conservar tódolos testemuños do pasado histórico da provincia e onde se puidesen reunir os dispersos tesouros que formaron parte do Museo de Pinturas, que a propia Comisión establecera en 1845 e que funcionou como tal ata 1852. O Museo abriu ó público ó ano seguinte, en 1896. En pouco tempo as coleccións crearon considerablemente e fíxose necesario un espazo máis amplo, dando lugar ós primeiros traslados, que por sucesivas desgracias non remataron ata o ano 1951. Neste ano adquiriuse a súa actual sede, o edificio que desde o século XII fora Palacio Episcopal.

O EDIFICIO

O edificio onde ten a súa sede o Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adquirido para este fin en 1951, foi con anterioridade Palacio Episcopal. Edificado no primeiro tercio do século XII polo bispo don Diego II (1100-1132), conserva parte do seu núcleo orixinal. A construción deste núcleo prolongouse ata o episcopado de D. Lorenzo (1218-1248), ó que se lle foron engadindo elementos góticos (torre de Santa María), renacentistas (soportais do xardín) e barrocos (portada, patio dianteiro), conformando un monumento singular, que mereceu a declaración de monumento histórico-artístico por Decreto do 3 de xuño de 1931. Durante toda a Idade Media desempeñou un papel destacado na organización urbana.

HORARIO DO MUSEO

Temporalmente permanecerá pechado, por obras de reforma e acondicionamento.

PEZA DO MES:

EDITA: Museo Arqueolóxico. TEXTO: Xulio Rodríguez González . NORMALIZACIÓN LINGUÍSTICA:

J.Carlos García España. FOTOGRAFÍA: Fernando del Río. MAQUETA: Araceli Gallego.

IMPRIME:A.G. Vicus, S.A.L.

ISSN: 1579-9956 DEPÓSITO LEGAL: VG-1.122-2002



CONSELLERÍA DE CULTURA,
COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Museo Arqueolóxico



XACOBEO'99
Galicia



Praza Maior, s/n. - Telf. 988 22 38 84 - Fax 988 22 37 01 - Apdo. Correos 145 - 32005 OURENSE



